

bases DO 1º CONCURSO DE GRUPOS MUSICAIS BOSCOMUSIC

1. Boscomusic é un concurso de grupos musicais organizado pola A. X. Amencer, e coordinado pola Comisión Música da mesma. Por iso tódalas decisións e responsabilidades últimas son desta comisión
2. Este concurso terá ámbito nacional, podendo participar nel todos os artistas, grupos ou solistas. Cada grupo deberá ter un nome propio que o identifique. Para a inscrición deberanse cubrir unha ficha na que se reflictan todos os datos referidos a: Nome do grupo, persoa/s de contacto, enderezo electrónico, teléfono/s de contacto, canción ou cancións escollida/s, número de persoas que participan e nome de todas e todos, a fin de que a organización poida contactar con elas/es. Esta inscrición cubrirase de maneira on-line a través da web do festival: boscomusic.amencer.org.
3. O prazo para a inscrición estará aberto ata o 1 de decembro de 2014, unha semana antes dos últimos concertos da fase de selección.
4. No festival haberá dúas fases:
 - ✓ **Fase 1, Selección:** cada grupo realizará un concerto de duración máxima de 45 minutos nun espazo facilitado pola Comisión Música e nunha data a convir entre a organización e o grupo.
 - ✓ **Final:** os grupos que sexan seleccionados na primeira fase actuarán na fase final, o concerto solidario “Boscomusic” que terá lugar nun espazo e nunha data que indicará a Comisión Música con suficiente antelación aos participantes. O número máximo de grupos participantes na fase final é un máximo de 10 con dous temas cada un de non máis de 4 minutos.

*É obrigatoria a participación na primeira fase para poder acceder a segunda.

5. O método de selección da primeira fase será a través da elección e a valoración levada a cabo polos membros da Comisión Música de Amencer.
6. Haberá un único gañador. Asimesmo, se o xurado o considera oportuno, verá a conveniencia de outorgar algún accésit ou mención especial a calquera grupo. Tamén poderá quedar deserto o premio se o xurado o considera oportuno.
7. A elección do gañador da Fase Final e por tanto do “1º Concurso de grupos musicais Boscomusic – Boscomusic 2014” levarase a cabo do seguinte xeito:
 - a. Cada membro do xurado valorará as actuacións de 1 a 10 (ou o número máximo de actuacións que se realicen nesta fase) sendo a que leve 1 a peor valorada e a que leve 10 (ou o número máximo de actuacións que se realicen nesta fase) a mellor valorada.
 - b. A continuación sumaranse as puntuacións de todos os membros do xurado e faranse públicos as puntuacións e os nomes dos cinco máis votados. Nese momento o público asistente a través das indicacións oportunas votará entre os tres primeiros a UN so grupo. O grupo que máis apoio reciba do público será o gañador do “1º Concurso de grupos musicais Boscomusic – Boscomusic 2014”
8. Establecese para o gañador un premio consistente na gravación dunha maqueta musical nun estudio da cidade de Ourense. O grupo gañador faise responsable dos temas que se graven, quedando liberada de calquera responsabilidade sobre os dereitos de autor deste temas ou de calquera incidente a organización do Boscomusic, Comisión Música da Asociación Xuvenil Amencer. O maqueta deberá ser gravada polo grupo gañador, conservando e mantendo os membros participantes no Boscomusic.
9. Non se poderán elixir temas con contido racista, machista, sexista, discriminatorio ou violento en ningunha ocasión.
10. O festival terá lugar nun espazo e nunha data indicadas con suficiente antelación pola organización, publicándoa tanto na web como en espazos de información.

11. A inscrición terá un custe de 3€ por músico/a. A organización porase en contacto cos mesmos para poder ver necesidades e solventar dúbidas.
12. O festival ten un carácter benéfico. O recadado irá destinado a **Proxecto Home**. A entrada custará 3 euros. Se non pode asistir, pero si se quere participar economicamente, caberá a posibilidade de mercar unha entrada de “Fila cero” sen asistir ao festival.
13. Todas as persoas participantes no festival ceden de xeito gratuíto os seus dereitos de imaxe á Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, a cal poderá editar e publicar as imaxes do mesmo en Medios de Comunicación, Cartelería, Edición de Material relacionado co festival, etc...
14. No momento de inscribirse no Festival, todos os participantes deberán asinar a autorización correspondente para que a Asociación Xuvenil Amencer de Ourense poida xestionar as imaxes e datos de todos eles conforme á Lei Orgánica de Protección de Datos.
15. A Organización do Festival correrá a cargo da Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, así como a procura dos Medios Técnicos precisos para a Montaxe do Mesmo. A Comisión Música, de dita Asociación será encargada de organizar e distribuír a todos os grupos e solistas participantes en dito festival.
16. No festival actuarán todos os grupos e solistas en igualdade de condicións. Todos eles serán valorados por un xurado formado por críticos musicais, músicos profesionais e persoas procedentes do ámbito da xestión e promoción cultural designadas pola Comisión Música da Asociación Xuvenil Amencer e máis os votos do público
17. A organización, preparará un ensaio xeral no que todos os grupos e solistas participantes deberán representar a súa actuación. A data do ensaio concretarase os días anteriores e se lle comunicará aos grupos participantes. A asistencia a dito ensaio é obrigatoria para a actuación no festival.
18. As cancións elixidas polos participantes non se poderán repetir; no caso de que haxa dous grupos ou intérpretes que elixan a mesma canción, terá prioridade aquel que primeiro se inscribiu no festival. O outro grupo terá que elixir outro tema diferente se quere participar no mesmo.

19. A organización non se fai responsable dos gastos ocasionados polos desprazamentos que poidan precisar o grupo de participantes.

20. A persoa ou persoas responsables do grupo terá que responder do correcto comportamento dos membros do mesmo durante o desenvolvemento do festival. (desperfectos,...)

21. A participación neste festival inclúe a aceptación de todas estas bases.

bases